



ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONSORCIOS

CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA

Anuncio de aprobación definitiva do acordo de imposición e aprobación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por concorrencia ás probas selectivas para o ingreso de persoal no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento de A Coruña

Por acordo plenario do 24 de xullo de 2025 aprobouse con carácter provisional o acordo de imposición e a aprobación da ordenanza fiscal núm. 5 reguladora da taxa por concorrencia ás probas selectivas para o ingreso de persoal no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento de A Coruña, publicado provisionalmente no Boletín Oficial da Provincia nº 144 do 31.07.2025, e exposto ao público polo prazo legalmente previsto sen que se presentase alegación algunha.

En base ao anterior, publícase a ordenanza fiscal íntegra, entrando en vigor conforme ao disposto no seu texto:

«Ordenanza Fiscal nº 5 Reguladora da taxa por concorrencia ás probas selectivas para o ingreso de persoal do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento de A Coruña.

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos arts. 133.2 e 142 da Constitución, da potestade atribuída pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local no seu artigo 4.1.b, e en exercicio das facultades atribuídas polo artigo 106 da citada norma, de conformidade co disposto nos artigos 15 a 27 e 132 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, establécese a taxa por concorrencia ás probas selectivas convocadas polo Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento de A Coruña, que se rexerá polos devanditos preceptos e por medio de Ordenanza Fiscal.

Artigo 2º.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa, a actividade técnica e administrativa conducente á selección de persoal funcionario e laboral entre quen solicite participar nas correspondentes probas de acceso convocadas por este Organismo.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas que soliciten participar na celebración das probas selectivas para o ingreso definitivo do persoal ao servizo deste Consorcio.

Artigo 4º.- Pagamento.

O pagamento da taxa, producirase pola inclusión nas listas de admitidos das correspondentes probas pero efectuarase o depósito previo do importe total dentro do prazo de presentación de solicitudes, nos termos previstos no artigo 7 desta ordenanza fiscal.

Artigo 5º.- Beneficios fiscais.

Concederanse as exencións previstas expresamente nas leis ou as derivadas da aplicación dos Tratados Internacionais. En relación ás tarifas, aplicaranse as seguintes bonificacións:

a) Cando o interesado sexa membro dunha familia numerosa de categoría xeral de acordo á normativa en vigor, aplicarase unha redución do 50% nas cotas.

O interesado deberá de achegar coa solicitude:

- Copia do título de familia numerosa expedido pola Comunidade Autónoma competente e que deberá de estar vixente o último día do prazo de presentación das instancias do proceso selectivo ao que se presente.

- Documento público de empadramento ou convivencia da unidade familiar.

b) Cando o interesado sexa membro dunha familia numerosa de categoría especial de acordo á normativa en vigor, aplicarase unha redución do 50% nas cotas.

O interesado deberá de achegar coa solicitude:

- Copia do título de familia numerosa expedido pola Comunidade Autónoma competente e que deberá de estar vixente o último día do prazo de presentación das instancias do proceso selectivo ao que se presente.

- Documento público de empadramento ou convivencia da unidade familiar

Artigo 6º.- Cota Tributaria.

A cota tributaria será a que corresponda ao grupo/subgrupo de adscripción ou asimilado da praza, ou categoría convocada a que se opte polo suxeito pasivo, segundo a seguinte táboa:

GRUPO/CATEGORÍA	EUROS
A1	32,10 €
A2	24,05 €
B	20,00 €
C1	16,10 €
C2	12,10 €
AP	9,65 €
SARXENTO-XEFE DE PARQUE	70,14 €
CABO-XEFE DE QUENDA	70,14 €
BOMBEIRO-CONDUTOR	70,14 €
Inscripción nos procesos selectivos convocados exclusivamente para a selección de persoal funcionario interino e laboral temporal (agás bombeiro-condutor, cabo-xefe de quenda e sarxento xefe de parque)	10,00 €

Artigo 7º.- Normas de xestión.

1. A taxa esixirase en réxime de autoliquidación.
2. Quen desexe participar nas probas selectivas deste Consorcio, deberán de realizar o ingreso da cota de acordo á presente ordenanza fiscal, antes de presentar a correspondente solicitude dirixida á Presidencia do Consorcio, sen cuxo pago non se iniciará actividade administrativa algunha e determinará a inadmisión do aspirante ás probas selectivas.
3. O contribuínte está obrigado a practicar a autoliquidación, debendo cumprimentar un modelo que estará a disposición dos interesados na sede electrónica do Consorcio.
4. O pagamento realizarase mediante ingreso na conta bancaria que se determine nas bases que rexan o proceso de selección.
5. A solicitude de participación no proceso selectivo deberá de ir acompañada do modelo de autoiquidación debidamente cumprimentado e do xustificante do abono da cota.
6. A taxa por inscrición en probas selectivas só será devolta cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, estas non se realicen. Non procederá por tanto a devolución nos supostos de exclusión das probas selectivas ou non participación por causas imputables ao interesado.

Artigo 8º. Infraccións e sancións.

En todo o relativo a infraccións tributarias e á súa cualificación, así como ás sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, aplicaranse as normas contidas na Lei Xeral Tributaria e o Real Decreto 2063/2004, de 15 de Julio, polo que se desenvolve o procedemento sancionador.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza aprobada polo Pleno do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento de A Coruña en sesión celebrada o 24.07.2025 e entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e continuará vixente mentres non se acorde a modificación ou derogación.»

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede en A Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

En Carballo, a 17 de setembro de 2025.

O presidente,

Asdo.- Valentín González Formoso.

2025/6111